



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A AGRUPACIÓNS DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL DE MUXÍA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL E EMERXENCIAS COLABORANDO NOS GASTOS DE ADQUISICIÓN DUN MOTOR PARA EMBARCACIÓN DE SALVAMENTO E RESCATE

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o órgano encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia segundo o Decreto 177/2016, do 15 de decembro e o Decreto 72/2013, do 25 de abril.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é conveniente contar en determinados momentos con medios alleos, ademais dos propios, co fin de optimizar recursos e orzamentos, mellorando a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade.

Que a AVPC coa que se pretenden asinar o convenio de colaboración, conta con medios humanos e materiais coa experiencia necesaria na prevención de emerxencias, adquirida ó longo destes anos de colaboración coas autoridades de protección civil da Administración Autonómica de Galicia, sendo unha entidade necesaria e imprescindible na xestión da prevención, promoción, divulgación, información e socorro no ámbito da protección civil e as emerxencias no concello de Muxía

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa AVPC de Muxía o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Finalidade:

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración, dentro do Sistema de Protección Civil de Galicia, entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e a AVPC do Concello de Muxía, para levar a cabo actuacións en materia de prevención, promoción, divulgación, información e socorro.

A tales efectos colaborarase economicamente con esta entidade na adquisición dun motor para una embarcación zodiac de 5,20 m de eslora, para o servizo de protección civil que a





AVPC presta nas costas e praias do seu concello, e en determinadas situacións de emerxencias colaborar nos concellos limítrofes.

Dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva no seu termo municipal por esta AVPC, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto deste convenio, con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.780.0 e código de proxecto 201500107 dos orzamentos do ano 2018, por un importe total de tres mil cinco centos euros (3.500 €).

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación do texto da lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, (Documento axinado dixitalmente ao marxe)
O director Xeral de Emerxencias e Interior

PD (Delegación 11 de xullo de 2018)
O subdirector xeral de Planificación e Protección Civil

José Antonio Grandas Arias

